

1 Líder

BASKET



63

64

SUSPENSE ATA O FINAL

Dous tiros libres desfixeron a igualdade e deron a vitoria a CB Ribadeo no derbi provincial da Segunda División júnior feminina ante Ensino. As mariñas aseguráronse así a segunda praza do grupo como mellor equipo da Provincia. As de Aigor Romo xogaranse o pase á seguinte fase no duelo directo ante Estudiantes na derradeira xornada

Juan Nécega volveu ao banquiño ensinista con vitoria

O ADESTRADOR MARIÑO toma as rendas do equipo de cara á segunda volta da competición que as capitalinas comezan cunha vitoria a domicilio ante un rival directo, Colegio Mariano

C. MARIANO		ENSINO	
42		48	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
García		Nikolij	4
Gago		García	2
Castro		Franco	11
Rodríguez		Ruano	9
Estévez		Lijo	4
Vázquez		Ibáñez	2
Estévez		Martínez	2
Felipe		Pardo	9
Rodríguez		Leboreiro	2
Santas		Carreira	
Andrés		Hoyuelos	5
Giraldez		P. Batallón	

"PARTIDO TÍPICO DESPUÉS DE UNAS VACACIONES"

JUAN NÉCEGA - Durán Maquinaria Ensino

Año novo, novo adestrador: esa é a premisa do Durán Maquinaria Ensino de cara a esta segunda volta da competición júnior feminina, na que Juan Nécega toma o mando do conxunto capitalino para lograr o obxectivo a final de temporada: Una praza no Campionato de España.

O comezo de 2020 non pode ser mellor para as ensinistas, que lograron unha importante vitoria a domicilio ante Colegio

Mariano, o rival que lle discutía o cuarto posto na táboa.

A posta en escena foi clave neste encontro, e Durán Maquinaria realizou un gran primeiro cuarto no que o conxunto capitalino propuxo velocidade e, aínda que cometeron erros en pases fáciles e tamén baixo o aro, estiveron intensas en defensa para frear ás locais, 15-16 tralos primeiros dez minutos.

No segundo parcial a intensidade ensinista non baixou, pero os erros en ataque aumentaron e o partido trabouse máis, de aí que ao descanso Colegio Mariano chegase cunha pequena vantaxe, 29-26.

Tralo intermedio ambos conxuntos acusaron a falta

de rodaxe tralo parón e o nivel físico baixou moito. A baixa anotación dos dous equipos propiciaba que se chegara con todo por decidir de cara aos últimos de minutos, nos que Ensino conseguiu atacar ben a defensa local para poñerse por diante e levarse un vitoria nunha pista moi complicada, 42-48.

Con este triunfo ante Colegio Mariano, quinto clasificado, Durán Maquinaria Ensino mantense na cuarta posición da táboa con oito triunfos, un máis que o conxunto vigués.

Próxima xornada

As capitalinas xogarán outra vez a domicilio a próxima fin de semana, e viaxarán de novo a Vigo para enfrontarse ao líder da competición, o Celta.

1

NOVO ADESTRADOR

Juan Nécega toma as rendas de Durán Maquinaria de cara á segunda volta, na que buscarán entrar no corte dos 5 primeiros clasificados

11

PUNTOS

Maite Franco foi a máxima anotadora do conxunto ensinista, chegando aos dobres díxitos ao anotar 11 puntos

1

DUÉLO ANTE O CELTA

A próxima xornada Ensino viaxa a Vigo para enfrontarse a Celta de Vigo. As ensinistas buscarán sorprender ao líder, que non está no seu mellor momento



A xogadora ensinista, Natalia García, nun encontro na casa

Estudiantes rozou a fazaña ante o líder, Celta de Vigo

AS CELESTES puxeron contra as cordas ao conxunto olívico, que o pasado xoves perdeu o primeiro encontro da temporada, pero chegaron sen forzas ao último cuarto

10

PUNTOS ARRIBA

No terceiro cuarto as celestes chegaron a ter unha vantaxe de dez puntos, pero tras solicitar un tempo morto, Celta fixo un parcial de 8-0 que as meteu de cheo no partido

CELTA		ESTUDIANTES	
63		48	
Xogadora	PTS.	Xogadora	PTS.
Lacorzana		Eva	
Fontela		Maria	
Rodríguez		Sabela	
Otero		Yashina	
Comesaña		Marta	
García		Silvia	
Carrera		Claudia	
Vidal		Cristina	
Freire		Nuria	
Arambarri		Laura	
		Carla	



Fernán Varela e as súas xogadoras durante un tempo morto no Anexo

As de Fernán Varela a piques estiveron de dar a sorpresa en Vigo ante un Celta que perdeu a súa imbatibilidade o pasado xoves ante Instituto Rosalía, acusando algunhas baixas.

No encontro ante Estudiantes as viguesas recuperaron a Comesaña, unha das súas xogadoras máis importantes, e as lucenses saíron á pista coa ilusión

de poder competir, pero sabendo tamén que o Celta estaba nun momento delicado e que tiñan unha boa oportunidade para sumar

unha vitoria. A posta en escena foi boa por parte de Estudiantes, e pese a non ter moita fluidez en ataque conseguiron bos

tiros e que souberon estar concentradas para non perder balóns. O problema nos primeiros dez minutos estivo no rebote defensivo,

"ESTOY CONTENTO PORQUE TUVIMOS MOMENTOS MUY BUENOS EN ESTE PARTIDO Y AL MISMO TIEMPO TENEMOS MUCHO MARGEN DE MEJORA. LA SENSACIÓN ES AGRÍDULCE, PORQUE ESTUVIMOS MUY CERCA, PERO TENEMOS MUCHAS GANAS DE SEGUIR TRABAJANDO"

FERNÁN VARELA - Estudiantes

pero isto corrixirono no segundo cuarto dando un paso adiante cunha gran actuación tamén en ataque para chegar ao descanso por diante no marcador, 20-25.

Tralo intermedio Estudiantes mantivo a mesma liña, e pese a que Celta endureceu o seu xogo, as celestes foron capaces de manterse grazas a unha gran defensa coa que seguiron ampliando a vantaxe, que chegou a ser de dez puntos. Foi entón cando o conxunto vigués solicitou un tempo morto tralo que fixeron un par-

cial de 8-0 que as metía de cheo no partido de cara aos último cuarto, no que a Estudiantes, sen o punto de enerxía necesario para afrontar os derradeiros minutos, custoulle moito anotar e non foi capaz de responder á dureza das locais, que finalmente lle deron a volta ao resultado para levarse o encontro co 63-48 final.

Próxima xornada

Estudiantes volverá xogar a domicilio a vindeira fin de semana, viaxando a Ourense para enfrontarse a Carmelitas.

A desconexión no segundo cuarto pagouse moi cara

A FALTA DE INTENSIDADE durante dez minutos puxo o encontro moi costa arriba para os de Adrián González, que recuperaron a súa mellor versión na segunda metade, pero non foi suficiente para remontar

TUI		ENSINO	
89		86	
Xogador	PTS	Xogador	PTS
Souto	4	Eloy	4
Fernández	4	Mario	4
Diez	6	Antón	6
Kuærtsgaard	12	Cristian	12
Lampón	18	Hugo Rey	18
Dieguez	5	Sergio	5
Martínez	13	Jorge	13
Martínez	16	Olloqui	16
Iglesias	7	Dani	7
Soto	1	Seny	1
Castro		Tshunza	

“NOS DESCONECTAMOS DEL PARTIDO DURANTE DIEZ MINUTOS Y CUANDO VOLVIMOS A SER NOSOTROS MISMOS NO FUE SUFICIENTE”

ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino Lugo

Ensino pecha a primeira volta da competición cun sabor agrado. Os de Adrián González debutaron este ano na primeira división e son un dos mellores equipos do campionato, ocupando a cuarta posición con sete triunfos en once xornadas disputadas. Pero chegan ao seguinte tramo da Liga tras caer en Tui nun partido que os ensinistas parecían ter controlado tras os primeiros dez minu-

tos. De inicio Ensino saíu á pista cunha boa actitude, sabendo ben onde podía facer dano ao conxunto local, e pese a pouco, pese a cometer algún erro que permitía canastras fáciles ao rival, foron traballando estas situacións para acabar o primeiro cuarto con cinco puntos de vantaxe, 15-20.

O segundo parcial foi a clave do encontro. A falta de intensidade, tanto en defensa como en ataque, propiciou unha desconexión que aproveitou Tui para despegar no electrónico cun parcial de 33-14 que deixaba o marcador en 48-34 ao descanso.

Nos vestiarios Adrián

González tratou de conectar de novo ao equipo, aclarando algunhas ideas, e desta forma, tralo intermedio Ensino volveu ser o equipo que acostuma e recuperou a súa mellor versión, chegando a poñerse a tres puntos de cara aos últimos dez minutos.

No derradeiro parcial o conxunto ensinista buscou a remontada a partir de boas situacións de tiro e, pese a conseguilas, non estiveron de todo acertados de cara ao aro. Pola súa banda, Tui si que tivo unhas boas porcentaxes de tiro e soubo controlar a situación nos minutos finais para finalmente levarse a vitoria co defini-



Adrián González dando instrucións aos seus xogadores no banquillo do Anexo

tivo 89-86.

Próxima xornada

Ensino comezará a segunda volta da competición recibindo na casa a Culleredo, noveno clasificado, ao que gañaron na primeira xornada por 50-89.

10

MINUTOS de desconexión ensinista, nos que Tui fixo un parcial de 33-14, foron clave na derrota do conxunto capitalino

4º

POSTO Os de Adrián González comezarán a segunda volta na cuarta posición, con sete triunfos en 11 xornadas

A superioridade física de Obradoiro marcou o encontro

ESTUDIANTES CAEU LOITANDO ante o único equipo invicto na competición, Obradoiro Peleteiro. Os de Pablo Abuín rematan a primeira volta da Liga no terceiro posto

OBRADOIRO		ESTUDIANTES	
77		51	
Xogador	PTS	Xogador	PTS
Pérez		Mikel	
Rodríguez		Anxo	
Bello		Alvaro	
Moure		Dani	
Pérez		Cabe	
Miguez		Jorge	
González		Diego	
Berthold		Lucas	
Otsoa		Adri	
Fernández		Carlos	
González		Pedro	
Iglesias		Borja	



O celeste Pedro iniciando unha xogada nun encontro disputado no Anexo

O conxunto celeste chegaba ao duelo fronte ao rival a bater desta competición con nove vitorias e tan só unha derrota, a sufrida ante Rosalía por un só punto no mes de Novembro, pero a superioridade física do conxunto compostelán non deu opción aos de Pablo Abuín, que pese a iso morreron coas botas postas.

No primeiro cuarto

Estudiantes saltou á pista convencido de que, tendo as ideas claras, terían as súas opcións. Así foi, e pese a que o ritmo anotador foi bo, algúns despistes en defensa deron as primeiras vantaxes a Obradoiro

Peleteiro, 20-15 ao final do primeiro cuarto.

No segundo os celestes non foron capaces de manter o ritmo anotador, ao tempo que en defensa non acababan de saír as cousas. En ataque atopá-

ban problemas para mover o balón e a falta de acerto de cara ao aro propiciaron un parcial favorable ao conxunto compostelán de 19-9 que deixaba o resultado ao descanso de 39-24.

Nos vestiarios Pablo

Abuín tratou de activar aos seus e os celestes reaccionaron tralo intermedio, xogando o seu mellor baloncesto e tomando o mando para chegar a poñerse a tan só sete puntos. Foi entón cando Obradoiro sacou todas as súas armas e subiu a intensidade, levando de novo a batuta no encontro para chegar ao último parcial con 16 puntos de vantaxe, 57-41.

Co partido practicamente visto para sentença o ritmo baixou e Obradoiro continuou ampliando as diferenzas ata o 77-51 final.

Próxima xornada

Estudiantes comezará a segunda volta da competición a domicilio fronte a COB Ourense, ao que gañaron no primeiro partido de Liga 71-58.

“TENEMOS QUE TRABAJAR MUCHO PARA RECUPERAR NUESTRO RITMO”

PABLO ABUÍN - Estudiantes

3ª

POSICIÓN

O conxunto de Pablo Abuín chega ao ecuador da competición no pódio da clasificación, só por detrás de Rosalía e do invicto Obradoiro, cun partido menos

2

VITORIAS sobre o cuarto clasificado, Ensino Lugo, ao que Estudiantes tamén venceu no duelo directo entre ambos

9/2

VITORIAS/DERROTAS

É o balance do conxunto celeste ao final da primeira volta da competición, que só caeu ante os dous primeiros clasificados, Rosalía e Obradoiro Peleteiro

Saneamientos non cede no máis alto

GAÑARON O ENCONTRO fronte a Franciscanos nunha xornada na que Ensino 06 se levou o derbi de club ante Ensino Galén

INFANTIL 2ª DIV. FEMININO 01						
RESULTADOS						
Ensino Galén - Ensino 06	17-68					
Baxi Ferrol S - Cidade	56-44					
Baxi Ferrol R - Pontumio	8-59					
BBCA - Agrasar Sarria	45-44					
Franciscanos - Stos. Sarria	32-66					
CLASIFICACIÓNS						
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
STOS. SARRIA	9	8	1	0	595	290
PONTUMIO	8	8	0	0	471	131
ENSINO LUGO 06	8	5	3	0	484	367
BAXI FERROL S	8	5	3	0	379	337
CB VIVEIRO	8	5	3	0	378	439
AGRASAR SARRIA	8	4	4	0	323	363
FRANCISCANOS	8	3	5	0	341	462
CIDADE DE LUGO	8	3	5	0	356	445
KFC BBCA	8	3	5	0	384	456
BAXI FERROL R	8	1	7	0	357	519
ENSINO GALÉN	9	0	9	0	263	522
PRÓXIMA XORNADA						
Stos. Sarria - CB Viveiro						
Agrasar Sarria - Franciscanos						
Pontumio - BBCA						
Cidade - Baxi Ferrol R						
Ensino 06 - Baxi Ferrol S						

clasificación tralo parón de Nadal. No encontro que as afrontaba a Franciscanos, as sarriás marcaron o ritmo dende os primeiros compases e mostraron unha gran superioridade, deixando o encontro practicamente visto para sentenza no descanso, 10-32.

Tralo intermedio o ritmo baixou un pouco e Franciscanos viu aro con máis facilidade, pero a vitoria nunha perigosa para CB Sarria, 32-66.

Ensino 06 sumou a quinta vitoria no duelo capitalino ante Ensino Galén, 17-68, mentres que Cidade caeu ante Baxi Ferrol por 56-44. No encontro máis apertado da xornada, Castro Agrasar cedeu fronte a KFC BBCA por 45-44.

Carferlo Viveiro, que descansou esta fin de



Andrea a piques de facer un pase presionada por Emma

semana, volverá á competición tralo parón de Nadal na próxima xornada, visitando o Novo Chanto para enfrontarse ao líder. Saneamientos Sarria. Franciscanos fará o propio ante Castro Agrasar. Mentres que Cidade e Ensino reciben no Anexo a Baxi R e Baxi S.

8

TRIUNFOS en 9 encontros para Saneamientos Sarria, que lidera a táboa a falta de dúas xornadas para que remate a primeira volta da competición



Emma, Franciscanos, leva a pelota ante Uxia



Cecilia trata de levarse o balón ante a amarela Alma



Clara entre as xogadoras sarriás Cata e Gabriela

Oito triunfos en nove xornadas para as xogadoras de Maisa López, que continúan á fronte da



Jorge, Sagrado, protexe a posesión de costas a Adrián



Gabriel coa pelota nun dous para un ante Pablo e Miguel



Samuel nunha acción de ataque presionado por Anxo

Franciscanos reina no inicio da segunda volta

OS COLEXIAIS OCUPAN A PRIMEIRA PRAZA cun partido máis que Ribadeo, que aprazou o duelo da xornada ante Sagrado Corazón



Yishak en labores defensivas ante Jackiel, de Cidade

O conxunto capitalino, con nove triunfos en dez encontros, continúa no primeiro posto tralo parón de Nadal, logo de superar o pasado sábado a Ensino Galén tras pechar o marcador cun 4-54. A superioridade dos colexiais foi patente durante todo o encontro e a próxima fin de semana recibirán a visita doutro dos equipos da parte alta da táboa, Academia A Mariña

Burela, que esta xornada superou a MGR Sarria con outro contundente resultado, 56-6.

Outro dos equipos que loitan polo liderado, IF Podología CB Sarria, tamén gañou un triunfo tras superar a Carferlo Viveiro por 66-38. As ganas e a intensidade foron as protagonistas do encontro, e ao longo de toda a primeira parte predominou a actividade

INFANTIL 2ª DIV. MASCULINO 01						
RESULTADOS						
Ribadeo - Sagrado	Apr.					
IF Sarria - CB Viveiro	66-38					
Burela - MGR Sarria	56-6					
E. Galén - Franciscanos	4-54					
Estudiantes - Cidade Lugo	33-72					
CLASIFICACIÓNS						
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
FRANCISCANOS	10	9	1	0	624	375
CB RIA RIBADEO	9	8	1	0	554	271
IF CB SARRIA	10	7	3	0	615	453
A. X. SAGRADO	9	7	2	0	606	318
BURELA INF MASC.	10	6	4	0	656	489
CIDADE DE LUGO	10	6	4	0	530	401
VIVEIRO	10	3	7	0	327	531
ESTUDIANTES	10	1	9	0	293	627
ENSINO GALÉN	9	1	8	0	209	559
MGR CB SARRIA	9	0	9	0	155	545
PRÓXIMA XORNADA						
Sagrado - Estudiantes						
Cidade - Ensino Galén						
Franciscanos - Marfillo Burela						
MGR Sarria - IF Sarria						
CB Viveiro - Ria Ribadeo						

dio a tónica mantívose e as recuperacións de balón permitiron aos de Rubén Pernas máis posesións para seguir ampliando a distancia no marcador ata o definitivo 66-38.

No duelo capitalino da xornada, Cidade impúxose a Estudiantes por 33-72 e suma xa seis triunfos. O encontro entre Ribadeo e Sagrado Corazón, segundo e cuarto clasificados, xogarase o vindeiro 25 de Febreiro.

2ª

defensiva do conxunto sarriao, o que lles permitía saír rápido ao contraataque e segundas opcións no rebote para conseguir as primeiras vantaxes. Tralo interme-

VOLTA
Esta fin de semana deu comezo o segundo tramo da competición coa disputa da décima xornada, das 18 que compoñen esta liga. O líder, Franciscanos, recibe a próxima fin de semana a visita de CB Burela

A Mariña levouse os duelos máis axustados desta xornada

CB BURELA E CARFERLO VIVEIRO sumaron senllos triunfos a domicilio en dous apertados encontros ante Ensino Galén e Lourenzán

CADETE 2º DIV. FEMININO						
RESULTADOS						
Ensino Galén - Burela	43-46					
Lourenzán - CB Viveiro	46-50					
Estudiantes - Franciscanos	64-36					
Pontumio - BBCA	60-42					
Tirso Molina - Baxi Ferrol	hoxe					
CLASIFICACIÓNS						
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ENSINO LUGO	9	9	0	0	640	371
BAXI FERROL	8	8	0	0	600	325
PONTUMIO	9	7	2	0	516	397
ESTUDIANTES	9	5	4	0	534	438
KFC BBCA	9	5	4	0	401	420
BURELA	9	4	5	0	417	456
VIVEIRO	9	3	6	0	413	505
LOURENZÁN	9	3	6	0	364	499
FRANCISCANOS	9	2	7	0	390	515
TIRSO DE MOLINA	8	3	5	0	369	435
ENSINO GALEN	10	0	10	0	346	629
PRÓXIMA XORNADA						
CB Viveiro - Ensino Galén						
Burela - Franciscanos						
Lourenzán - BBCA						
Estudiantes - Baxi Ferrol						
Tirso Molina - Ensino Lugo						

43-46. As colexiais loitaron ata o último momento por estreitar a conta de vitorias na competición, pero finalmente as mariñás leváronse o partido.

Carferlo Viveiro, pola súa banda, sumou a terceira na súa conta particular tras impoñerse a Elematic en Lourenzán por 46-50.

Estudiantes e Franciscanos medíronse no duelo entre conxuntos capitalinos desta xornada, no que as celestes sumaron o segundo triunfo consecutivo tralo 64-36 no marcador final.

O líder da competición, Ensino Lugo, descansou esta fin de semana e a próxima xornada loitará por manter o liderado ante Baxi Ferrol, segundo clasificado, na cancha deste. Ambos conxuntos están invictos na competición, pero as de Agor Romo contan cun partido máis.

Academia A Mariña CB Burela sumou o seu cuarto triunfo desta temporada tras superar a Ensino Galén por

1º

CLASIFICADO

Ensino Lugo, que viviu esta fin de semana a súa xornada de descanso, segue liderando a táboa clasificatoria con nove triunfos noutros tantos partidos

1

DUELO NO MÁIS ALTO

A próxima fin de semana finaliza a primeira volta da competición coa disputa da undécima xornada. Nela, Ensino, primeiro clasificado, vista a Baxi Ferrol, segundo



Lucía e Pilar, Franciscanos, tratan de facerse co balón



Luara Couto presionada polas celestes Lucía e Alejandra



Carmen coa pelota nunha acción de ataque ante Laura



Pilar Cordo trata de frear a Alejandra nun contraataque

Estudiantes 04 iguala en triunfos a Oral Design tras impoñerse aos amarelos

OS CELESTES suman cinco vitorias logo de vencer aos sarriaios por un axustado 59-52. Ensino 04 continúa no máis alto da táboa

O conxunto capitalino sumou o segundo triunfo consecutivo tralo parón de Nadal, nun encontro no que sempre se atoparon máis cómodos que o rival, pese ao axustado do marcador. A saída a pista foi boa e no primeiro cuarto conseguí-

ron as primeiras vantaxes cun parcial inicial de 20-12. No segundo, Oral Design non permitiu que os celestes se foran no marcador e o 30-27 ao descanso deixaba todo por decidir de cara á segunda metade.

Tralo intermedio Estu-

diantes volveu despegar cun parcial de 18-10 que encamiñaba o triunfo de cara aos últimos dez minutos, e pese a que o conxunto sarriao se mantivo na loita, as sensacións nunca foron boas e o triunfo non perigou para os celestes, que a próxima fin de semana buscarán continuar coa xeira ante o líder da competición, Ensino 04. O primeiro clasificado impúxose a Celtas Foz por 77-59 e suma sete vitorias en oito partidos.

Outro conxunto da parte alta da táboa, Sagrado Corazón, tamén logrou un novo triunfo contra Ensino 05. Os de Rubén Engroba souberon suplir as baixas que tiñan con varios xogadores infantis, para así

CADETE 2º DIV. MASCULINO 02

RESULTADOS

Ensino 04 - Celtas Foz	77-59
Ensino 05 - Sagrado	59-70
Estudiantes 04 - Design S.	59-52

CLASIFICACIÓNS

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ENSINO LUGO 04	8	7	1	0	594	501
DESIGN SARRIA	8	5	3	0	656	432
ESTUDIANTES 04	8	5	3	0	486	480
SAGRADO	7	6	1	0	472	410
ENSINO LUGO 05	8	3	5	0	497	529
ESTUDIANTES 05	7	1	6	0	422	549
CB CELTAS FOZ	8	0	8	0	385	611

PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes 04 - Ensino 04
Estudiantes 05 - Ensino 05
Celtas Foz - Sagrado



Sergio Arias presionado por Sergio, do Sagrado



Juan nunha acción de ataque ante o ensinista Jesús



Julián trata de superar a presión de Jesús nunha contra

darlle a volta na segunda parte a un encontro que ao descanso perdían por 11 puntos. Ao final, 59-70 para o conxunto capitalino.

Ensino xógase o pase na última xornada

AS DE AIGOR ROMO caeron por un punto ante Ribadeo e a próxima fin de semana deberán gañar a Estudiantes para estar na segunda fase, ou perder por menos de 3 puntos ante as celestes

JÚNIOR 2ª DIV. FEMININO A2

RESULTADOS

CB Sarria - CB Terra Chá	60-35
Ensino Lugo - Ria Ribadeo	63-64
Estudiantes - Baxi Ferrol	52-68

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
BAXI FERROL	9	9	0	0	608	360
CB RÍA DE RIBADEO	9	7	2	0	529	425
ENSINO LUGO	9	5	4	0	553	398
ESTUDIANTES	9	4	5	0	527	509
C.B. SARRIA	9	2	7	0	380	595
CB TERRA CHA	9	0	9	0	272	582

ÚLTIMA XORNADA

Terra Chá - Baxi Ferrol
Estudiantes - Ensino Lugo
Ria Ribadeo - CB Sarria

Con todo por decidir chegan as ensinistas á última xornada da competición, na que se xogarán o pase á seguinte fase ante Estudiantes. Ao

duelo directo chega Ensino cunha pequena vantaxe. Con cinco triunfos, un máis que as celestes, as de Aigor Romo gañaron o encontro de ida por 59-56, polo que de perder por tres ou menos puntos tamén entrarían no corte.

Ensino tiña a oportunidade de selar o pase esta fin de semana ante CB Ribadeo, xa clasificado, pero caeron por un punto no Anexo, 63-64. As capitalinas chegaron á segunda metade cinco puntos abaixo, pero conseguiron darlle a volta ao marcador cunha gran intensidade e un maior acerto en ataque, 47-44 de cara aos últimos dez minutos nos que os ataques se impuxeron ás defensas. Ai o Ribadeo mostrouse máis



Aldara coa pelota de espaldas á ensinista Catuxa

acertado dende a liña de tres, e dous tiros libres nos últimos intres terminaron por decantar o marcador a favor das mariñás.

Nos outros encontros da xornada CB Sarria impúxose a Terra Chá mentres que Estudiantes caeu ante o líder, Baxi Ferrol, 52-68.

1

PRAZA EN XOGO

A próxima fin de semana finaliza a primeira fase na categoría junior feminina e Estudiantes e Ensino xogaranse o pase á segunda rolda nun encontro directo. As ensinistas contan con 5 vitorias, por 4 das celestes



A ribadense Andrea entre Any e Lucía, de Ensino



Irene a piques de superar a presión de Lucía no Anexo



A celeste Enma a piques de lanzar a canastra

Os resultados da xornada apertan a clasificación

CB RÍA DE RIBADEO suma tres vitorias e iguala así con Hierros Ferreiro, que caeu ante Ensino Lugo por 78-73



Mario, Hierros, entrando na pintura ante Samuel

Os de Aarón Romo deron a sorpresa da xornada tras superar aos junior de Sagrado Corazón, que na primeira volta se impuxeran por un contundente 79-46. O conxunto ensinista reforzouse nesta ocasión con Matata e Seny, xogadores en idade cadete de máis de dous metros. Sometidos a unha defensa zonal, Hierros realizou unha gran primeira parte anotando dende o perímetro cun gran Juan,

e tamén facendo un gran traballo en defensa para chegar ao descanso por riba no marcador e cunha importante vantaxe, 28-49.

Na segunda metade Ensino deu un paso adiante da man de Manuel Durán, e con varios triples apertou o marcador deixando todo por decidir de cara aos últimos dez minutos, 56-60. A lesión de Julián no último cuarto, sumada á quinta falta per-



Juan a piques de lanzar ante a oposición de Seny



O ensinista Seny fai unha bandexa defendido por Julián

JÚNIOR 2ª DIV. MASCULINO

RESULTADOS

Ensino Lugo - Hierros F.	78-73
Ria Ribadeo - MGR Sarria	68-51

CLASIFICACIONES

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
CARFERLO VIVEIRO	4	4	0	0	301	197
HIERROS FERREIRO	5	3	2	0	381	288
ENSINO LUGO	6	2	4	0	321	418
CB RÍA DE RIBADEO	5	3	2	0	363	233
MGR C.B. SARRIA	6	1	5	0	270	500

PRÓXIMA XORNADA

Ensino Lugo - Ria Ribadeo

Hierros Ferreiro - CB Viveiro

1º

CARFERLO VIVEIRO

O líder da competición descansou esta fin de semana e na próxima xornada enfrontarase a Hierros Ferreiro. Os de Engróba deben gañar para non comprometer as súas opcións de xogar a seguinte fase

soal de Juan, foron demasiado lastre para Hierros, que non puido cun Ensino que foi de menos a máis no encontro para remontar co definitivo 78-73 que supón o segundo triunfo da temporada para os de Aarón Romo.

No outro encontro

da xornada, CB Ribadeo impúxose a MGR Sarria por 68-51 e empata con Hierros a tres vitorias en cinco partidos. Tras unha primeira parte igualada os de Sama conseguiron romper o encontro no terceiro cuarto cun punto máis de intensidade, mentres que nos últimos 10 minutos, cun gran acerto dende a liña de tres, pecharon o encontro e aumentaron a diferenza ata os dezasete puntos.



Sebas botando presionado por Adrián de Hierros

Seleccións Galegas

Baloncesto infantil e cadete

O COMBINADO CADETE MASCULINO, cos xogadores do Estudiantes, Dani, Álvaro e Mikel, máis Iker Sama do Ría de Ribadeo, remataron nun excelente quinto posto tras quedarse ás portas de disputar as semifinais en Huelva



Huelva volveu ser, por cuarta vez nos últimos cinco anos, a provincia encargada de acoller o Campionato de España de seleccións cadete e infantil, entre os días 3 e 7 de Xaneiro. Os combinados masculinos e femininos, citáronse na provincia andaluza tras unha breve concentración a finais do mes de decembro en Marín, no caso dos cadetes, e A Estrada, os infantís.

A representación lucense fíxose notar en tres dos catro combinados. Así, o cadro cadete masculino contou coa presenza de ata catro xogadores da provincia: O mariño Iker Sama, do CB Ría de Ribadeo, e os estudantes Dani Gómez, Álvaro Rodríguez e Mikel Ducun. Nos combinados infantís as celestes Aroa Piñeiro e Laura Martín formaron parte do cadro feminino, mentres que Diego Serguei e Julián Longarela, de Maristas, acompañaron ao adestrador Javi Peinó no conxunto masculino.

A mellor actuación foi para o cadro infantil masculino, que se proclamou campión do grupo Preferente logo de impoñerse nos catro encontros da liguina previa e tras superar a Murcia na final por 80-66. Os de Javi Peinó debutaron na primeira xornada cun claro triunfo ante Castilla la Mancha -54-94-, e continuaron coa súa impecable andaina na primeira fase tras superar con contundencia a País Vasco -81-47-, Ceuta -4-55- e Meilla -80-41-. Na final polo título de campión Pre-

ferente agardaba Murcia, primeira clasificada do outro grupo, e os galegos impuxéronse tras ir sempre por diante no marcador e coa aportación anotadora de Julián, con 9 puntos, e Diego Serguei, máximo realizador do conxunto de Peinó con 15 puntos.

Non tivo tanta sorte o conxunto infantil feminino, que debutou con derrota ante Asturias -39-63-. As galegas souberon repoiñerse e na súa segunda xornada lograron a vitoria ante Baleares por 59-67. Tras unha gran primeira parte na que lograron un colchón de 13 puntos ao descanso, os infantís aproveitaron a renda na segunda metade para lograr o primeiro triunfo no campionato, con minutos para Aroa e Laura, que anotou cinco puntos. As derrotas nos dous últimos partidos da liguina previa, ante os fortes combinados de Cataluña e Madrid, privaron ás infantís de loitar nas eliminatorias, conseguindo a oitava posición na clasificación final tras gañar a Aragón no derradeiro encontro por 62-44.

As cadetes, pola súa banda remataron na novena posición. Encadradas nunha liguina previa moi forte con Comunidade Valenciana, Madrid, País Vasco e Cataluña, caeron na primeira xornada ante as levantinas por 41-59, mentres que na segunda, tras comezar gañando o encontro ante Madrid, acusaron o esforzo físico tralo intermedio e remataron perdendo 44-65. No partido ante País Vasco un mal comezo das galegas condicionou o resto do encontro, que rematou

44-65. No partido contra Cataluña, que pechaba a súa participación no campionato, as cadetes amosaron todo o seu potencial competitivo ante un rival fisicamente mellor que comezou cun 11-0 a favor. Ao descanso o marcador era de 22-20, pero na segunda parte o conxunto catalán soubo aproveitar a súa superioridade para pechar o encontro, 65-37.

Gran actuación do conxunto cadete masculino, que rematou a súa participación no campionato cun balance de dúas derrotas e tres vitorias, na quinta posición global. Os Sub 16 comezaron a súa andaina no campionato cun axustadísimo triunfo ante Comunidade Valenciana -59-58- nun encontro cun final agónico que se decidiu sobre a bucina. Dani (4 puntos), Iker (9), Mikel (4) e Álvaro, con ata 7 rebotes, contribuíron no triunfo do combinado. Ese mesmo día os galegos enfrontáronse a Andalucía, nun encontro moi serio cun alto ritmo que se decantou tan só nos intres finais, cando empezaron a fallar as forzas. Acostumados aos finais de infarto, os cadetes repetiron a fazaña para levarse o triunfo no terceiro encontro, fronte a País Vasco, cun 73-71. A derrota fronte a Madrid por 89-59 deixaba aos galegos lonxe da loita polos 4 primeiros postos, pero puideron pechar a súa participación no campionato cunha vitoria que lles deu o quinto posto tras superar a Castilla y León por 82-65, nun partido no que Iker Sama foi un dos máximos anotadores con 11 puntos.